

MANIOTAS

Estimados Amigos:

O Club Maniotas e o Club Las Acacias - Maniotas teñen o pracer de invitarlles ao "VIII Torneo Internacional Club Maniotas - V Trofeo Cidade de Vigo" de Ximnasia Rítmica.

LUGAR: Pista Central do Pavillón As Travesas. Avda. de Castrelos Nº 1, Vigo.

DATA: Sábado, 25 de abril 2020

HORARIO: Xornada Mañá: Conxuntos Escolar, Promoción.

Xornada Tarde: Individual Escolar, Promoción, Base (Individual y Copa Base conxuntos) , Federado (Individual, Equipos, Conxuntos e Masculino).

PROGRAMA DE COMPETICIÓN/NORMATIVAS:

- **Escolar:** conxuntos (todas categorías) e individual (prebenxamín e benxamín).
Normativa Escolar 2020 da Federación Galega de Ximnasia.
Maximo 1 conxunto e 1 individual por categoría.
- **Promoción:** conxuntos (Prebenjamín, Infantil, Cadete e Senior) e individual (Prebenxamín e Infantil).
Normativa Promoción 2020 da Federación Galega de Ximnasia.
Maximo 1 conxunto e 1 individual por categoría.
- **Base:** individual (Prebenxamín). Copa Base Conxuntos (Alevín)
Normativa Técnica da Real Federación Española de Ximnasia 2020
Maximo 1 conxunto e 1 individual por categoría.
- **Masculino:** individual masculino (todas categorías).
Normativa Técnica da Real Federación Española de Ximnasia 2020
Máximo 2 por categoría.
- **Federado:** individual (Sénior), equipos (Infantil e Júnior) e Copa conxuntos (Infantil e Junior).
Normativa Técnica da Real Federación Española de Ximnasia 2020
Máximo 2 equipos ou 2 individuais

INSCRIPCIÓN: A folla de inscrición adxunta debe ser enviada totalmente cuberta **a partires do venres 7 de febreiro ata o 23 de febreiro**, a dirección de correo torneoclubmaniotas@gmail.com.

IMPORTANTE: Todas as ximnastas e técnicos inscritos deberán ter a licenza federativa correspondente e en vigor, así como inscribirse co mesmo club que a licenza tramitada. Estas licenzas deberán ser enviadas con antelación a celebración do evento e unha vez enviado a orde de actuación a dirección torneoclubmaniotas@gmail.com. A non recepción das licenzas dos participantes, ximnastas e técnicos, será motivo de baixa no Torneo. Así mesmo, tanto ximnastas como técnicos participantes, cederán a súa imaxe para futuras publicacións nos medios de comunicación presentes no evento.

MÚSICAS: Unha vez recibido o orde de actuación, as músicas enviaranse á dirección de correo electrónico torneoclubmaniotas@gmail.com en FORMATO MP3, **antes do 17 de Abril**, nomeadas da seguinte maneira:

NºDORSAL_NOME DO EQUIPO/XIMNASTA_CATEGORIA_NIVEL_APARATO

Para calquera dubida podedes poñeres en contacto co club na nosa dirección de correo electrónico torneoclubmaniotas@gmail.com o no número 620 419 806.

Esperando poder contar coa vosa presenza, enviamos un cordial saúdo.

Club Maniotas e Club Las Acacias-Maniotas.